



biblioteca virtual  
de literatura universal en galego

<http://www.bivir.com>

# O CANARIO

**Katherine Mansfield**

**Tradución ó galego: María Ana Valladares Fernández**

*Título orixinal: The Canary*



© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2007  
© da tradución, María Ana Valladares Fernández, 2007

Ves aquel cravo grande á dereita da porta de entrada? Eu apenas podoo miralo incluso agora, e, así e todo, non podería soportar quitalo. Gustaríame pensar que estará alí sempre, incluso despois da miña existencia. Ás veces sítolles dicir aos veciños: “Debeu de haber unha gaiola alí pendurada”. E iso consólame; sinto que non está totalmente esquecido.

... Non podes imaxinar que marabilla cando cantaba. O seu canto non era como dos outros canarios. Non é a miña imaxinación. A miúdo, dende a ventá, acostumaba mirar como a xente se detiña na porta para escoitar ou como se apoiaban, engaiolados, no enreixado, xunto ao pitósporo de Queensland, durante un longo anaco. Supoño que che parecerá absurdo, de telo oído non cho parecería. A min parecíame talmente que cantaba cancións enteiras cun principio e un final.

Por exemplo, cando remataba os labores da casa pola tarde, e despois cambiaba a blusa e me poñía a coser aquí na varanda, el adoitaba saltar dunha percha a outra, dar golpiños contra os barrotes, como para chamar a miña atención, bebeía sorbiños de auga, como faría un cantante profesional, e de súpeto rompía nun canto tan primoroso, que eu tiña que pousar a agulla para escoitalo. Non podoo describir o seu canto, oxalá puidese. Pero sempre pasaba o mesmo, todas as tardes, e eu sentía que comprendía cada nota.

Queríao! Como o quería! Quizais neste mundo non importa tanto o que un quere, pero un ten que querer algo. Sempre estaban a miña casiña e o xardín, dende logo, pero por algún motivo nunca foron dabondo. As flores son marabillosamente sensibles, pero non comparten. Tamén quixen á estrela da tardiña. Pareceche estúpido? Adoitaba ir ao patio traseiro, detrás da casa, despois da posta do sol, e esperar a que brillase sobre o escuro eucalipto. Eu murmuráballe: “Xa estás aquí amor meu”. E xusto naquel intre parecía brillar só para min. Parecía que o comprendese...; algo parecido á morriña pero que non o é. Ou pesar, seméllase máis ao pesar. Pero pesar por que? Teño que estar moi agradecida.

...Pero en canto entrou na miña vida, esquecín a estrela da tardiña; xa non a precisaba máis. Resultou estraño. Cando o chinés que vendía paxaros veu á miña porta, amosoumo na súa diminuta gaiola e o canario, en vez de revoar e revoar como facían os pobres xilgariños, emitiu un feble e curto rechouchío; sorprendinme a min mesma

dicíndolle, tal cal lle dixera á estrela que brillaba sobre a escura árbore de goma: “Xa estás aquí amor meu”. Dende aquel intre foi meu.

...Aínda agora me sinto abraida ao lembrar coma el e eu compartiamos as nosas vidas. Cando baixaba pola mañá e retiraba o pano da súa gaiola, saudábame cunha pequena nota somnolenta. Eu sabía que significaba: “Señora! Señora!”. Despois pendurábo no cravo, fóra, mentres preparaba o almorzo dos meus tres rapaces, e non o volvía traer ata que volvíamos ter a casa para nosoutros. Cando remataba de fregar a louza, era todo un pequeno espectáculo. Eu estendía unha folla de xornal nun lado da mesa, e, cando poñía a gaiola enriba, el adoitaba sacudir as ás desesperadamente coma se non soubese o que estaba a acontecer. “Es un bo comediantíño”, rifáballe eu. Fregáballe o prato da gaiola, espaxaba a area limpa, enchía os recipientes do alpiste e da auga, poñía entre os barrotes unhas follas de herba paxareira e medio chile. E estou totalmente segura de que el comprendía e apreciaba cada detalle desta pequena función. Sabes? Era exquisitamente limpo de seu. Nunca había nin unha sóa mancha na súa percha. Non tiñas máis que velo gozar do baño para comprender que sentía unha paixón polo aseo. A súa bañeira poñíase ao final. E xusto cando estaba dentro daba un chouto e introducíase nela con ímpeto. Primeiro sacudía unha á, logo a outra, despois mergullaba a cabeza e mollaba as plumas do peito. As pingas de auga ían zarrapicando toda a cociña, pero el non saía do baño. Eu adoitaba dicirlle: “Xa abonda. O que queres agora é andar de presenteiro”. E por fin, dun salto saía da auga, e sostido nunha pata enxugaba o pico. Finalmente sacudíase, daba un golpiño rápido, emitía un rechouchío e erguía o peteiro... Oh! Apenas podo recordalo. Eu sempre estaba a limpar os coitelos mentres tanto; daba a impresión de que os coitelos tamén cantaban a medida que eu os facía brillar fregándoos sobre a mesa.

...Un compañeiro, sabes? Iso é o que era. Un perfecto compañeiro. Se viviches soa, saberás o valioso que iso resulta. Claro que tiña os meus tres rapaces que viñan cear á tardiña, e que ás veces quedaban despois no comedor a ler o xornal. Pero non podía esperar que eles se interesasen polas miudezas que constituían o meu día a día. Por que se ían interesar? Eu non significaba nada para eles. De feito unha noitiña escoitei por casualidade nas escaleiras que falaban de min chamándome “Espantallo”. Non importa, non ten a máis mínima importancia. Compréndoo perfectamente. Eles son novos. Por que me ía sentir molesta? Pero acórdome de que aquela noite me sentín particularmente agradecida por non estar totalmente soa. Unha vez marcharon conteillo; díxenlle:

“Sabes como lle chaman á señora?” E el ladeou a cabeza, e miroume co seu ollíño relucente ata que non puideren evitar botarme a rir. Parecía que aquilo o divertía.

... Tiveches paxaros?... Se non os tiveches, quizais todo isto che pareza esaxerado. A xente cre que os paxaros non teñen corazón, que son pequenas criaturas xélicas, non como os cans e os gatos. A miña lavandeira adoitaba dicirme, cando viña os luns, cando se preguntaba por que non tiña “un bonito fox-terrier”. “Non serve de conforto un canario”. Falso, totalmente falso. Acórdome dunha noite, tivera un soño arrepiante (os soños poden ser terriblemente crueis). Incluso despois, unha vez esperta, non conseguía repoñerme, así que puxen a bata e baixei á cociña a por un vaso de auga. Era unha noite de inverno e chovía moito. Supoño que aínda estaba medio durmida pero, a través da ventá da cociña, que non tiña persiana, parecíame que a escuridade me estaba a fitar, a espreitar. E de súpeto sentín que era insoportable non ter ninguén a quen lle puidese dicir: “Tiven un soño arrepiante” ou “Protéxeme da escuridade”. Ata me tapei a cara durante un momento. E logo escoitei un feble “pío-pío!”. A gaiola estaba sobre a mesa, e o pano esvarara de forma que unha fenda de luz a atravesaba. “Pío-pío!”, dicía outra vez o meu querido compañeiríño, docemente coma se dixese: “aquí estou señora, aquí estou!”. Aquilo foi tan fermoso e consolador que case me botei a chorar.

...Pero agora foise. Nunca terei outro paxaro, nin outra mascota. Como podería? Cando o atopei tendido na gaiola, cos ollos sombríos e as unllas retorcidas, cando fun consciente de que nunca máis oíría cantar ao meu queridíño, algo pareceu morrer en min. O meu corazón sentiu un baleiro, coma se fose a súa gaiola. Recuperareime, dende logo, teño que facelo. O tempo cura todo; a xente di que teño un temperamento alegre. Teñen bastante razón. Dou grazas a Deus por telo.

De todas formas, malia que non son pesimista e que non me deixo vencer por recordos e este tipo de cousas, debo confesar que me parece que hai algo triste en min. É difícil dicir o que. Non me refiro á dor que todos coñecemos, como a enfermidade, a pobreza ou a morte. Non; é algo diferente. Está aí profundo, moi profundo, como parte dun, como a nosa respiración. Por moito que traballe e me canse, non teño máis que me deter para saber que aí está a agardarme. A miúdo me pregunto se todo o mundo sente o mesmo. Quen o pode saber? Pero non é extraordinario que, tras o seu canto doce e alegre, estivese esa tristura, ese non sei que, que eu sentía?